



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literatura Española dos Séculos XVIII e XIX	Código	613G01036	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es	
Profesorado	Caparros Esperante, Luis Jimeno Rodríguez, Juan Antonio	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es juan.jimeno@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo de autores, obras, períodos e movementos literarios máis significativos ou representativos da literatura española dos séculos XVIII e XIX.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos.</p> <p>Ningunha.</p> <p>2. Metodoloxías.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen.</p> <p>Aulas interactivas. Aulas prácticas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican.</p> <p>As aulas expositivas substitúense por apuntes e materiais en Moodle. As aulas interactivas realízanse a través da aplicación Teams. Polo mesmo medio tratarase a resolución de dúbidas e a realización de exercicios titorizados.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.</p> <p>Moodle, correo electrónico e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación.</p> <p>-Traballos tutelados: 40%. Traballo puntuable, escollido coa tutela do profesor.</p> <p>-Proba obxectiva: 40%. Proba escrita (exame), realizada á final de curso, nas datas oficiais de xuño e de xullo, en que se deberá demostrar o dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesións maxistrais e tamén nos seminarios e discusións dirixidas. A proba será asíncrona e por medio de Moodle.</p> <p>-Control de lectura: 20%. Control das lecturas obrigatorias, mediante a cubrición dunha ficha tipo.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Suprímese da guía inicial o apartado Sesión maxistral, que suma a súa porcentaxe nunha nova proba, Control de lectura. Esta suma o 10% da anterior e o 10% restante da Proba obxectiva, até chegar ao 20%. Estas dúas probas presentaranse o día da convocatoria oficial mediante Moodle.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1 A2 A11 A15 A16 A17		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17		
Coñecer a crítica textual e a edición de textos.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Adquirir capacidade de autoformación.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	



Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Adquirir capacidade de autoformación.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17	B1 B5 B6 B7 B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A paisaxe literaria, entre Ilustración e Romanticismo.	1.1. Introducción e conceptos. 1.2. Análises de paisaxes líricas. 1.3. A paisaxe na arte da época.
2. O amor romántico e as lecturas de xénero.	2.1. Olladas femininas, olladas masculinas. 2.2. De Teresa a Julia: as musas líricas. 2.3. Autoras no espello do texto. 2.4. Representacións de xénero e do amor na arte da época.
3. A invención da realidade.	3.1. A teoría da novela en Galdós, Clarín e Pardo Bazán. 3.2. Insolación, de Pardo Bazán, como síntoma. 3.3. A representación gráfica e artística do Realismo-Naturalismo.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	20	0	20
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	20	30	50
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	0	30	30
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	1	45	46
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesor contextualiza e explica as metodoloxías e contidos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior. A sesión maxistral ten carácter teórico e expositivo.
Discusión dirixida	Discusión aberta, activa e participativa dos temas desenvolvidos nas aulas. Enténdese como complementaria da asistencia activa durante o curso. Require lectura previa das obras.
Traballos tutelados	Traballo escrito, avaliable, tutelado polo profesor, que no seu caso poderá ser defendido e comentado na aula.
Proba obxectiva	Proba escrita (exame), realizada á final de curso, nas datas oficiais marcadas, en que se deberá demostrar o dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesións maxistras e tamén nos obradoiros e discusións dirixidas. Pode incluír un control das lecturas obrigatorias.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Traballos tutelados Sesión maxistral	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a estudante recibirá a guía e axuda que precisar.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	A efectos prácticos, a actividade na aula computarase globalmente co apartado anterior.	0
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Traballo puntuable, escollido coa tutela do profesor, que deberá entregarse en papel ademais de en formato electrónico, na data límite da derradeira sesión de aulas.	40
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	A asistencia e a participación activa nas sesións maxistras será controlada e avaliable de maneira continuada.	10



Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Proba escrita (exame), realizada á final de curso, nas datas oficiais de xuño e de xullo, en que se deberá demostrar o dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesións maxistras e tamén nos seminarios e discusións dirixidas. Pode incluír un control das lecturas obrigatorias.	50
-----------------	--	---	----

Observacións avaliación

A anteriores porcentaxes son orientativas. Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase polas probas escritas (exames), en convocatorias oficiais de primeira e de segunda oportunidade. Para aprobalas, e para aprobar a asignatura, deberase obter nelas un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 no exame non é posible compensalo cun 7 pola suma de asistencia e traballos.

2. O 40% obterase pola realización dun traballo escrito, tutelado polo profesor.

3. O 10% restante corresponde á asistencia, participación e desempeño de cada estudante no decorrer do curso, con atención á aprendizaxe colaborativa.

4. Para obter cualificación é indispensable presentarse ás convocatorias oficiais, tanto en primeira como en segunda oportunidade.

5. Toda avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda oportunidade, en xullo. En caso de estar suspensos ou non realizados, os novos traballos entregaranse antes desta última proba escrita. Isto serve igualmente para a cualificación do 10% contemplada no punto 3, que se manterá na segunda oportunidade.

6. A convocatoria adiantada de decembro consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba específica sobre as lecturas propias da materia (50% da cualificación). Esta última pode ser oral.

7. O alumnado con dispensa académica recoñecida deberá comunicalo por escrito a luis.caparros@udc.es, co asunto: "Dispensa de asistencia 2021-2022", en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula. A dispensa académica elimina neste caso o 10% correspondente á asistencia e participación. Esa porcentaxe trasládase ao traballo, que pasará a contar o 45%, e a unha actividade complementaria acordada co profesor, que correspondería ao 5% restante.

8. O procedemento anterior podería autorizarse para alumnado con dificultades especiais de asistencia, como é o caso de quen repiten curso, sempre que se dea aceptación expresa, comunicada a través dun correo electrónico co mesmo asunto anterior, "Dispensa de asistencia 2021-2022", a luis.caparros@udc.es, antes do mes de outubro.

9. O prazo límite para a entrega dos traballos escritos de curso, en papel e en formato electrónico, será o da derradeira sesión de aulas.

10. As probas escritas e as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía correcta, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves será de medio punto en cada caso. Para estudantes de lingua estranxeira será indispensable un dominio razoable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.

11. Calquera forma de plaxio, como a cita de traballos alleos sen a marca de tal ou sen a referencia correspondente, suporá o suspenso para a proba ou traballo. O mesmo aplicarase a calquera forma de copia indebida nas probas ou exames. O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.

12. Forma parte das obrigas do alumnado estar ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da plataforma Moodle.

13. Lémbrese que os dereitos e deberes do alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudantado, na web institucional: <https://www.udc.es/estatuto> O resto de normativa pode consultarse en: <https://www.udc.es/gl/normativa/estudantes/>



Bibliografía básica

Fontes de información 1 Lecturas obrigatorias 1. Textos sobre paisaxe dos séculos XVIII e XIX (pdf en Moodle ou proporcionados na aula). 2. José Zorrilla, Don Juan Tenorio. Ed. Luis Fernández Cifuentes. Madrid: Real Academia Española e Galaxia Gutenberg, 2012. --Edición alternativa: Don Juan Tenorio: drama religioso-fantástico en dos partes, ed. Joaquín Juan Penalva. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2002: <http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/don-juan-tenorio-drama-religiosofantastico-en-dos-partes--0/html/> (consultada o 15 de xullo de 2019) 3. Gustavo Adolfo Bécquer, Rimas, ed. dixital de Luís Caparrós Esperante, Alcalá de Henares: Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes): <http://cvc.cervantes.es/obref/rimas/> (consultada o 15 de xullo de 2019).??Edición alternativa: Russell P. Sebold, ed. Madrid: Espasa Calpe (Clásicos Castellanos, Nueva Serie, 22), 1991. 4. Selección de textos de José de Espronceda a partir das seguintes edicións: --Poesías líricas y fragmentos épicos, 7ª ed., ed. Robert Marrast. Madrid: Castalia, 1993.??El estudiante de Salamanca. El diablo mundo, 3ª ed., ed. Robert Marrast. Madrid: Castalia, 1978.??Diferentes obras dixitalizadas en Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://www.cervantesvirtual.com/FichaAutor.html?Ref=134> (consultada o 15 de xullo de 2019). 5. Textos de Carolina Coronado, Gertrudis Gómez de Avellaneda e Rosalía Castro (pdf en Moodle ou distribuídos na aula). 6. Emilia Pardo Bazán, Insolación (Historia amorosa), ed. de Ermitas Penas Varela. Madrid: Cátedra, 2001.??Edición dixital alternativa, en Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2000. Baseada na 1ª ed. de Barcelona: Sucesores de N. Ramírez y Cía, 1889, e Obras completas. Tomo II: novelas, Madrid, Fundación José Antonio de Castro, 1999, pp. 615-764: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/insolacion-historia-amorosa--0/> (consultada o 15 de xullo de 2019).



Bibliografía complementaria

- Abrams, Meyer H. (1975). El espejo y la lámpara. Teoría romántica y tradición crítica.. Barcelona: Barral.
- Aguilar Piñal, Francisco, dir. (1996). Historia literaria de España en el siglo XVIII.. Madrid: Trotta / CSIC.
- Albiac Blanco, María-Dolores (2011). Razón y sentimiento 1692-1800. Historia y Crítica de la Literatura Española, VI, dir. José Carlos Mainer.. Barcelona: Crítica.
- Alonso, Cecilio (2010). Hacia una literatura nacional 1800-1900. Historia y Crítica de la Literatura Española, VI, dir. José Carlos Mainer.. Barcelona: Crítica.
- Argullol, Rafael (1983). La atracción del abismo. Un itinerario por el paisaje romántico.. Barcelona: Destino.
- Auerbach, Eric (1993). Mimesis: la representación de la realidad en la literatura occidental (1946).. México: Fondo de Cultura Económica.
- Burke, Edmund (1987). Indagación filosófica sobre el origen de nuestras ideas acerca de lo sublime y de lo bello (1757).. Madrid: Tecnos (Colección Metrópolis).
- Caldera, Ermanno (2001). El teatro español en la época romántica.. Madrid: Castalia.
- Capel, María Rosa, coord. (1982). Mujer y sociedad en España, 1700-1975.. Madrid: Ministerio de Cultura.
- Carnero, Guillermo, coord. (1995). Historia de la literatura española. 6. El siglo XVIII (I), V, dir. V. García de la Concha.. Madrid: Espasa Calpe.
- Carnero, Guillermo, coord. (1997). Historia de la literatura española. 8. Siglo XIX (II), V, dir. V. García de la Concha.. Madrid: Espasa Calpe.
- Celma Valero, María Pilar, y Carmen Morán Rodríguez, eds. (2006). Con voz propia: la mujer en la literatura española de los siglos XIX y XX.. Valladolid: Junta de Castilla y León e Instituto Castellano y Leonés de la Lengua.
- Clark, Kenneth (1990). La rebelión romántica. El arte romántico frente al clasico.. Madrid: Alianza Editorial.
- Curtius, Ernst Robert (1984). Literatura europea y Edad Media latina.. México y Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Díaz-Diocaretz, Myriam, e Iris M. Zavala, coords. (1993-1998). Breve historia feminista de la literatura española (en lengua castellana).. Barcelona: Anthropos.
- Duby, Georges, y Michelle Perrot, eds. (1993). Historia de las mujeres, IV. El siglo XIX.. Madrid: Taurus.
- Giddens, Anthony (1998). La transformación de la intimidad. Sexualidad, amor y erotismo en las sociedades modernas.. Madrid: Cátedra - <https://tinyurl.com/yyfrmq7e>
- Gies, David, ed. (1989). El romanticismo.. Madrid: Taurus.
- Gilbert, Sandra M., y Susan Gubar (2000). La loca del desván: la escritora y la imaginación literaria del siglo XIX.. Madrid: Cátedra, Instituto de la Mujer y Universidad de Valencia.
- Glendinning, Nigel (1973). El siglo XVIII, vol. 4 de Historia de la literatura española, R. O. Jones, coord.. Barcelona: Ariel.
- Guillén, Claudio (1992). ¿Paisaje y literatura o los fantasmas de la otredad?, en A. Vilanova, ed., Actas del X Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas, I.. Barcelona: PPU.
- Gullón, Germán (2003). El jardín interior de la burguesía: la novela moderna en España (1885-1902).. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Jagoe, Catherine, Alda Blanco y Cristina Enríquez de Salamanca, eds. (1998). La mujer en los discursos de género: Textos y contextos en el siglo XIX.. Barcelona: Icaria.
- Kirkpatrick, Susan (1991). Las románticas. Escritoras y subjetividad en España, 1835-1850.. Madrid: Cátedra, Instituto de la Mujer y Universidad de Valencia.
- Luzán, Ignacio de ((1737) 2008). La Poética o Reglas de la poesía en general y de sus principales especies, ed. Russell P. Sebold.. Madrid: Cátedra.
- Mayoral, Marina, ed. (1990). Escritoras románticas españolas.. Madrid: Fundación Banco Exterior.
- Mayoral, Marina, ed. (1989). El estado de la cuestión: las románticas, suplemento de Ínsula.. Ínsula, 516 (1989), pp. 9-20.
- Moi, Toril (1995). Teoría literaria feminista, 2ª ed.. Madrid: Cátedra.
- Moi, Toril (2003). What is a Woman? and Other Essays.. Oxford: Oxford University Press.
- Montiel, Isidoro (1974). Ossián en España.. Barcelona: Planeta.
- Navas Ruiz, Ricardo (1990). El romanticismo español.. Madrid: Cátedra.
- Oleza, Joan (1976). La novela del XIX: del parto a la crisis de una ideología.. Valencia: Bello.



- Oleza, Joan (1976). "Realismo y naturalismo en la novela española", capítulo del libro anterior.. <<http://www.cervantesvirtual.com/obra/realismo-y-naturalismo-en-la-novela-espaola-0/>>
 - Pardo Bazán, Emilia (1976). La mujer española y otros artículos feministas.. Madrid: Editora Nacional.
 - Pardo Bazán, Emilia (1981). La cuestión palpitante: <<http://www.cervantesvirtual.com/obra/la-cuestion-palpitante--0/ >>. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
 - Pardo Bazán, Emilia. (1999). La mujer española y otros escritos.. Madrid: Cátedra.
 - Peckham, Morse (1951). Towards a Theory of Romanticism.. Publications of the Modern Language Association, 66 (1951), pp. 5-23.
 - Pérez Galdós, Benito (1999). Ensayos de crítica literaria, edición de Laureano Bonet.. Barcelona: Península.
 - Polt, John H. R., ed. (1982). Poesía del siglo XVIII.. Madrid: Castalia.
 - Romero Tobar, Leonardo (1994). Panorama del romanticismo español.. Madrid: Castalia.
 - Rousseau, Jean-Jacques (1986). Las ensoñaciones del paseante solitario, ed. F. J. Hernández.. Madrid: Cátedra (Letras Universales, 57).
 - Rubio Cremades, Enrique (2001). Panorama crítico de la novela realista-naturalista española.. Madrid: Castalia.
 - Sebold, Russell P. (1989). El rapto de la mente. Poética y poesía dieciochesca.. Barcelona: Anthropos.
 - Silver, Philippe (1995). Ruina y restitución: reinterpretación del romanticismo en España.. Madrid: Cátedra.
 - Villanueva, Darío (2011). "Teoría de la novela en Galdós", en IX Congreso Internacional Galdosiano 2009 (versión on line: <<http://mdc.ulpgc.es/cdm/ref/collection/galdosianos/id/1165 >>). Gran Canaria: Cabildo
 - Villanueva, Darío, y Fernando Cabo Aseguinolaza, eds. (1996). Paisaje, juego y multilingüismo: Actas del X Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada (Santiago de Compostela, 18-21 de octubre de 1994), I.. Santiago de Compostela: Universidade.
 - Villanueva, Darío (1992). Teorías del realismo literario.. Madrid: Instituto de España y Espasa-Calpe.
 - Wellek, René (1968). "El concepto de realismo en la investigación literaria", en Conceptos de crítica literaria.. Caracas: Universidad Central de Venezuela.
 - Wellek, René. (1988). Historia de la crítica moderna (1750-1950), IV. La segunda mitad del siglo XIX.. Madrid: Gredos.
 - Zola, Emile (1989). El naturalismo, traducción de Jaume Fuster; compilación e introducción de Laureano Bonet.. Barcelona: Península.
- Durante o curso iranse engadindo referencias secundarias, como parte do propio proceso de aprendizaxe. Durante o curso iranse engadindo referencias secundarias, como parte do propio proceso de aprendizaxe.



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías